

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 25 de xuño de 2021 aprobou o Regulamento de TFM do Máster en Visión por Computador, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN VISIÓN POR COMPUTADOR

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO de COMPOSTELA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UNIVERSIDADE DE VIGO
UNIVERSIDADE DO PORTO

[Aprobado na Comisión Académica Interuniversitaria do
20/05/2021]

[Aprobado na Xunta de Escola da ETSE do 10/06/2021]

[Aprobado en Consello de Goberno o 25/06/2021]

Capítulo 1. Consideracións Xerais

Artigo 1. Obxectivo do TFM

O obxectivo principal do Traballo Fin de Máster é a análise, o deseño, a implementación e a validación dun proxecto orixinal e realizado individualmente e relacionado coa visión por computador. O TFM debe promover a achega de valor engadido por parte do/a estudante en proxectos innovadores e a súa relación directa con algunha necesidade do mercado ou con algún aspecto investigador de vangarda.

Artigo 2. Número de Créditos e lingua

Segundo aparece recollido no Plan de Estudos, o TFM é unha materia obrigatoria que ten asignados 30 ECTS. A única lingua na que se imparte a docencia no IMCV é o inglés, polo tanto esta debe ser a lingua a empregar en toda a documentación asociada ao TFM e na súa defensa.

Artigo 3. Coordinación e Comisión responsable dos TFM

A Comisión Académica Interuniversitaria do Máster Universitario en Visión por Computador (IMCV) será a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento, aprobar as liñas temáticas dos traballos e os anteprojectos, propoñer os tribunais e autorizar a defensa dos TFM.

Esta comisión deberá arbitrar as medidas oportunas que garantan que todo o estudantado en condicións de realizar o TFM poida realizalo. En particular velará pola dispoñibilidade

de oferta de temáticas de proxectos ao inicio do primeiro cuadrimestre de cada curso para aquele/as estudantes matriculado/as que reúnan os requisitos para a súa realización. A coordinación dos TFM será asumida pola persoa encargada da coordinación do máster.

Artigo 4. Propiedade intelectual

A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual dos TFM pertencen aos/ás estudantes que os elaboren. A titularidade deses dereitos pódese compartir coas persoas titoras e con entidades públicas ou privadas que houberen participado, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente:

- a) No caso dos traballos desenvolvidos no marco dun contrato ou convenio cunha entidade externa, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, rexerá polo establecido na relación contractual entre a/o estudante e a entidade externa ou no convenio de cooperación educativa asinado por ámbalas dúas entidades.
- b) Sen perxuízo do apartado a), no anteproxecto do TFM poderase establecer titularidade compartida entre títore/as e alumnos mediante unha declaración explícita asinada pola/o estudante e o/as títore/as.
- c) Noutros casos, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual pertencerá exclusivamente á/ao estudante.

Artigo 5. Titores/as

As propostas de TFM deben ir avaladas por unha ou máis persoas responsables da titorización, e tamén poden contar con co-títore/as das entidades colaboradoras. En todos os casos, o TFM será titorizado polo menos por un titor ou unha titora dos departamentos con docencia no Máster, ou outro profesorado doutor das universidades participantes co permiso da Comisión Académica Interuniversitaria. Os TFM tamén poden ser co-titorizados por profesionais das entidades colaboradoras sempre e cando contén coas autorizacións que cada universidade estableza para tal efecto.

A Comisión Académica Interuniversitaria velará pola dispoñibilidade de profesorado para titorizar os traballos de cada curso, mantendo unha lista actualizada de profesores do IMCV dispoñibles para titorización, e abrindo quendas para oferta de temáticas de TFM ao resto de profesorado das universidades e entidades colaboradoras.

Capítulo 2. Anteproxectos

Artigo 6. Propostas de temáticas para TFM

A Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV publicará, no prazo establecido no calendario de TFM, un listado coa oferta de liñas de traballo e títore/as suficientes para garantir que todo o alumnado teña unha temática e un/ha titor/a dispoñibles, así como o procedemento de solicitude e asignación.

Unha vez resolta a asignación de temáticas e títore/as, cada estudante deberá presentar un anteproxecto para a súa aprobación nos prazos establecidos no calendario.

Artigo 7. Formalización de anteproxectos

O/As estudantes poden presentar anteproxectos derivados das liñas de traballo na oferta de TFMs, ou propostas independentes alleas á oferta, nos prazos establecidos no calendario. En todo caso, os anteproxectos deben vir avalados, polo menos, por un/ha titor/a.

Cada estudante debe remitir o anteproxecto á Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV. Cada proposta debe recoller como mínimo os seguintes aspectos:

- Datos de identidade do/a estudante, incluíndo sinatura de aceptación.
- Datos de identidade das persoas encargadas da titorización e cotitorización, de habela, incluíndo sinaturas de aceptación.
- Título do TFM.
- Descrición do proxecto que inclúa:
 - Motivación.
 - Obxectivos.
 - Relación cos coñecementos e competencias proporcionadas polo Máster.
 - Plan de traballo.
 - Bibliografía.
- Declaración sobre a propiedade intelectual do traballo, segundo o establecido no artigo 4.

A Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV analizará as propostas e fará pública a relación das propostas admitidas. Un anteproxecto terá a validez de dous cursos académicos, dentro dos cales deberá ter lugar a defensa do TFM.

Artigo 8. Resolución

A Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV poderá aceptar, rexeitar ou solicitar modificacións e/ou aclaracións aos Anteproxectos presentados.

A Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV fará pública unha resolución provisoria (motivada en caso de rexeitamento) sobre os Anteproxectos presentados. Se a Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV solicita modificacións e/ou aclaracións, estas deberán entregarse nun prazo máximo de dez días dende a publicación da resolución provisoria. Transcorrido ese prazo, a Comisión publicará a resolución definitiva. No caso de Anteproxectos rexeitados, o/a estudante poderá presentar o Anteproxecto de novo a consideración, coas modificacións e/ou aclaracións necesarias.

Artigo 9. Causas de non Aceptación

Serán causas inmediatas de non aceptación do Anteproxecto, ou de solicitude da súa modificación e/ou aclaración:

- Presentación incorrecta da documentación esixida no Artigo 7.
- Propoñer un tema irrelevante ou notoriamente alleo ao Máster Universitario en Visión por Computador.
- Exhibir erros científicos e/ou técnicos, ou falta de claridade e concreción.

Artigo 10. Modificacións

O/A estudante poderá solicitar á Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV o cambio da temática do Anteproxecto e/ou das persoas encargadas da titorización. Para dito fin deberá presentar un informe razoado do cambio a realizar así coma o novo Anteproxecto. De autorizarse o cambio, renóvanse os prazos. O informe razoado debe contar coas sinaturas das persoas responsables da titorización, tanto iniciais coma finais.

Capítulo 3. Depósito e defensa do TFM

Artigo 11. Prazo de depósito e defensa

A Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV aprobará os prazos de oferta e a asignación de liñas de traballo e titores, e de presentación e aprobación de anteproxectos. Tamén proporá os períodos de presentación e defensa dos TFM, xunto coa do calendario oficial de exames de cada curso académico, e a guía docente da materia. Estas propostas terán que ser ratificadas pola Xunta de Centro en cada universidade. En cada curso haberá tres convocatorias nas que se poderán entregar e defender os traballos. En todo caso, a matrícula na materia do TFM durante un curso dá dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades dentro dese mesmo curso.

A defensa do TFM poderá realizarse unha vez que se reúnan as condicións fixadas nos regulamentos de cada universidade.

Artigo 12. Documentación a Presentar

Para a avaliación do TFM, o/a estudante deberá presentar unha memoria que amosará o traballo desenvolvido.

A memoria debe ter un formato de artigo onde se recolla a presentación do problema a resolver, unha revisión de traballos relacionados e estado da técnica, a proposta de solución ou innovación, a avaliación (resultados, comparativas) da solución e as conclusións. A extensión máxima desta memoria será de 15 páxinas a dobre columna seguindo o formato da IEEE¹ en tamaño A4. Este máximo poderá ser superado en casos excepcionais debidamente xustificadas. O tribunal avaliador poderá penalizar o uso de extensión adicional sen xustificación. A memoria pode contar con anexos en páxinas adicionais, sen límite de extensión, que inclúan información complementaria, pero non relevante para a avaliación do TFM.

Artigo 13. Entrega da Documentación

A solicitude de defensa, dirixida á Comisión Académica Interuniversitaria do IMCV, debe levar o visto e prace das persoas responsables da titorización do TFM. A súa sinatura avalará que a memoria presentada se corresponde co traballo realizado. A solicitude irá acompañada da memoria e dirixirase ao Coordinador do IMCV, dentro do prazo fixado por dita Comisión para cada convocatoria ao comezo de cada curso académico.

Artigo 14. Defensa pública

A exposición oral dun TFM terá unha duración recomendada de 20 minutos (máximo de 30) por estudante, e terá carácter de acto público. O Tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes.

A exposición e defensa dos traballos realizaranse con carácter xeral de xeito presencial. Excepcionalmente, a comisión académica poderá aprobar a realización por medios telemáticos.

No caso de que no TFM houbera partes suxeitas a confidencialidade, tanto por esixencias xustificadas da entidade colaboradora onde se desenvolve o traballo, como por precaucións do titor que teña intención de submitir ditas partes como unha solicitude de

¹ <https://www.ieee.org/conferences/publishing/templates.html>

patente, só o tribunal poderá ter acceso a ditas partes na memoria e na exposición, e os seus membros deberán asinar o compromiso de confidencialidade do Anexo I.

Capítulo 4. Avaliación do TFM

Artigo 15. Composición do tribunal

O Tribunal encargado de avaliar cada TFM estará formado por profesorado doutor con docencia no IMCV, preferentemente pertencente a diferentes universidades. A composición do tribunal axustarase ao regulamento interno da universidade na que estea matriculado o/a estudante.

No caso de TFM de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade de Vigo, ou da Universidade da Coruña, o tribunal constará de tres membros (presidente/a, secretario/a e vogal) e un/ha suplente. As persoas responsables da titorización dun TFM non poderán formar parte do tribunal que o avalíe.

No caso de estudantes da Universidade do Porto, a composición do tribunal terá que adaptarse á súa propia normativa.

Artigo 16. Nomeamento do tribunal

Os tribunais encargados de avaliar os TFM serán designados polo Coordinador do IMCV, e tamén polo/a Director/a do centro de estudos cando a normativa interna da universidade así o dispoña, a proposta da Comisión Académica Interuniversitaria.

Artigo 17. Informe do/a titor/a do TFM

O /A titor/a do TFM elaborará un informe de seguimento, segundo o modelo oficial, no que se avaliarán de 0 a 10 (0 a 20) os seguintes aspectos:

- a Calidade do Traballo: cumprimento dos obxectivos propostos, fiabilidade e eficiencia, adecuación e desenvolvemento das solucións aportadas, etc.
- b Documentación: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía, etc), estruturación e completitude, corrección da documentación técnica, conclusións e posibles ampliacións propostas.

Este informe confidencial será entregado polo/a titor/a á Presidencia do tribunal antes da defensa do TFM.

Artigo 18. Criterios de Avaliación

O tribunal emitirá un informe, segundo o modelo oficial, no que avaliarán (de 0 a 10 / 0 a 20) de forma conxunta os aspectos de calidade do traballo, documentación e presentación, de acordo co establecido na guía docente da materia.

O tribunal poderá apoiarse no informe de seguimento do traballo do estudante realizado polo/a titor/a, para xustificar a avaliación de aqueles aspectos que lle ofrezan dúbidas.

Artigo 19. Actas de Cualificación

A cualificación do TFM figurará na acta de notas do período de exames seguinte máis próximo.

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos TFM do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse “matrícula de honra” a aqueles TFM que obtiveran unha cualificación superior a 9 (18), sempre que a

normativa da universidade de matrícula así o contemple, e sen que o número de matrículas de honra poida exceder do límite establecido pola universidade.

Será o Tribunal Único, no caso de habelo, ou noutro caso a Comisión Académica Interuniversitaria, despois de escoitar as propostas dos diferentes tribunais, quen decida e outorgue as cualificacións de matrícula de honra que correspondan.

Capítulo 5. Disposición Final

A data de entrada en vigor deste regulamento será o da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC tral súa aprobación en Consello de Goberno.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/06/2021 11:14:38.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/06/2021 09:18:11.

CSV: B4DF-B91F-4956-A6A4